



NORMATIVA DE GALICIA

- Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia Arts. 10.1 c) e d); 11.1, 2, 4, 5 e 6; 56; 57; *disposición adicional cuarta e disposición transitoria terceira.*
- Lei 8/1985 do 13 de agosto, de Eleccións ao Parlamento de Galicia.
- Lei 15/1992, do 30 de decembro, pola que se modifica a Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ó Parlamento de Galicia.
- Lei 12/2004 de 7 de decembro, pola que se modifica a Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia.
- Lei 10/2012, do 3 de agosto, de modificación da estrutura do Valedor do Pobo (o art. 2 modifica a alínea b) do punto 2 do artigo 4 da Lei 8/1985).
- Lei 9/2015, do 7 de agosto, de financiamento das formacións políticas e das fundacións e entidades vinculadas ou dependentes delas (a disposición derradeira primeira modifica o art. 1 e a derogatoria única derroga o Título VI da Lei 8/1985).
- **Lei 8/1985, do 13 de agosto, de Eleccións ao Parlamento de Galicia.** (*Texto consolidado en castelán*)
- Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade. (Artigo 16º- Espazos electorais).

Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril, de Estatuto de Autonomía para Galicia.

CAPITULO I DO PARLAMENTO

Artigo 10.º

1.-Son funcións do Parlamento de Galicia as seguintes:

a) Exerce-la potestade lexislativa da Comunidade Autónoma. O Parlamento só poderá delegar esta potestade lexislativa na Xunta, nos termos que establecen os artigos 82, 83 e 84 da Constitución pró suposto da delegación lexislativa das Cortes Xerais ó Goberno, todo iso no marco do presente Estatuto.

b) Controla-la acción executiva da Xunta, aproba-los presupostos e exerce-las outras competencias que lle sexan atribuídas pola Constitución, polo presente Estatuto, polas leis do Estado e polas do Parlamento de Galicia.

c) Designar pra cada lexislatura das Cortes Xerais os Senadores representantes da Comunidade Autónoma galega, de acordo co previsto no artigo 69, apartado 5.º da Constitución. Tal designación será feita de forma proporcional á representación das distintas forzas políticas existentes no Parlamento de Galicia.

d) Elexir de entre os seus membros o Presidente da Xunta de Galicia.

e) Esixir, no seu caso, responsabilidade política á Xunta e ó seu Presidente.

f) Solicitar do Goberno a adopción de Proxectos de Lei e presentar perante a Mesa do Congreso dos Diputados Proposicións de Lei. g) Interpoñer recursos de inconstitucionalidade e presentarse perante o Tribunal Constitucional nos supostos e termos previstos na Constitución e na Lei Orgánica do Tribunal Constitucional.

2.-O Parlamento de Galicia é inviolable.

Artigo 11.º

1.-O Parlamento estará constituído por Diputados elexidos por sufraxio universal, igual, libre directo e secreto.

2.-O Parlamento será elexido por un prazo de catro anos, de acordo cun sistema de representación proporcional que asegure, ademais, a representación das diversas zonas do territorio galego.

3.-Os membros do Parlamento de Galicia serán inviolables polos votos e opinións que emitan no exercicio do seu cargo. Durante o seu mandato non poderán ser detidos nin retidos polos actos delituosos cometidos no territorio de Galicia a non ser en situación de flagrante delito, correspondendo decidir, en todo caso sobre a súa inculpación, prisión, procesamento e xuicio ó Tribunal Superior de Xusticia de Galicia. Fóra deste territorio, a responsabilidade penal será esixible nos mesmos termos perante a Sala do Penal do Tribunal Supremo.

4.-A circunscrición electoral será, en todo caso, a provincia.

5.-Unha lei do Parlamento de Galicia determinará os prazos e regulará o procedemento prá elección dos seus membros, fixando o número deles entre sesenta e oitenta, así coma as causas de inelexibilidade e incompatibilidade que afecten ós postos ou cargos que se desempeñen dentro do ámbito territorial da Comunidade Autónoma.

6.-O Parlamento, mediante Lei, poderá establecer un sistema pra que os intereses do conxunto dos galegos residentes no estranxeiro se encontren presentes nas decisións da Comunidade Autónoma.

7.-Os Diputados non estarán suxeitos a mandato imperativo.

TITULO QUINTO DA REFORMA

Artigo 56.º

1.-A reforma do Estatuto farase conforme ó seguinte procedemento:

a) A iniciativa da reforma corresponderá á Xunta, ó Parlamento galego, a proposta dunha quinta parte parte dos seus membros, ou ás Cortes Xerais.

b) A proposta de reforma requerirá, en todo caso, a aprobación do Parlamento Galego por maioría de dous tercios, a aprobación das Cortes Xerais mediante Lei Orgánica e, finalmente, o referéndum positivo dos electores.

2.-Se a proposta de reforma non é aprobada polo Parlamento galego ou polas Cortes Xerais, ou non é confirmada mediante referéndum polo corpo electoral, non poderá ser sometida novamente a debate e votación do Parlamento mentres non transcurra un ano.

3.-A aprobación da reforma polas Cortes Xerais, mediante Lei Orgánica, incluírá a autorización do Estado pra que a Comunidade Autónoma galega convoque o referéndum a que se refire o párrafo b) do apartado 1 deste artigo.

Artigo 57.º

A pesar do disposto no artigo anterior, cando a reforma teña por obxecto a simple alteración da organización dos poderes da Comunidade Autónoma e non afecte ás relacións da Comunidad Autónoma co Estado, poderase proceder da seguinte maneira:

a) Elaboración do proxecto de reforma polo Parlamento de Galicia. b) Consulta ás Cortes Xerais.

c) Se no prazo de trinta días, posteriores á recepción da consulta prevista no apartado precedente, as Cortes Xerais non se declarasen afectadas pola reforma, convocarase, debidamente autorizado, un referéndum sobre o texto proposto.

d) Requerirase finalmente a aprobación das Cortes Xerais mediante Lei Orgánica.

e) Se no prazo sinalado na letra c) as Cortes se declarasen afectadas pola reforma, esta terá que segui-lo procedemento previsto no artigo anterior, dándose por cumpridos os trámites do apartado a) do número 1 do mencionado artigo.

Disposición Adicional Cuarta.

A celebración de eleccións aterase ás leis que, no seu caso, aproben as Cortes Xerais co fin exclusivo de coordina-lo calendario das diversas consultas electorais.

Disposición Transitoria Terceira.

Mentres as Cortes Xerais non elaboren as leis ás que se refire este Estatuto, e o Parlamento de Galicia legisle sobre as materias da súa competencia, continuarán en vigor as actuais leis e disposicións do Estado que se refiren a estas materias, sin perxucio de que o seu desenvolvemento lexislativo, no seu caso e a súa execución se leve a cabo pola Comunidade Autónoma galega nos supostos así previstos neste Estatuto.

Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ó Parlamento de Galicia

Tramitación parlamentaria:

Proxecto de lei, BOPG núm. 410, do 2.5.1985.

Emendas, BOPG núms. 421, do 24.5.1985, e 425, do 31.5.1985.

Debate de totalidade, DSPG núm. 117, do 4.6.1985.

Informe da Ponencia, BOPG núm. 447, do 11.7.1985.

Dictame da Comisión, BOPG núm. 450, do 16.7.1985.

Mantemento de emendas e votos particulares, BOPG núm. 450, do 16.7.1985.

Debate e aprobación polo Pleno, DSPG núm. 126, do 19.7.1985.

Publicación:

Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 454, do 24.7.1985.

Diario Oficial de Galicia núm. 156, do 16.8.1985. Corrección de erros: DOG núm. 185, do 26.9.1985.

Boletín Oficial del Estado núm. 248, do 16.10.1985.

Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ó Parlamento de Galicia

Pola Lei 15/1992 foron modificados os artigos 4, 6, 10, 12, 18, 25, 27, 29 e 44.

O artigo 11 do Estatuto de Autonomía para Galicia debuxa as liñas fundamentais da constitución e composición do Parlamento de Galicia e establece tamén que unha Lei de Galicia determinará os extremos que deben constituí-las normas electorais da nosa Comunidade. É obxecto da presente Lei desenvolver esa previsión estatutaria que habilita ó propio Parlamento de Galicia para dictar aquelas normas que coide máis axeitadas ás necesidades e á idiosincrasia da nosa sociedade.

De acordo co devandito artigo, o Parlamento de Galicia pode regularlos prazos e o procedemento para a elección dos seus membros, establece-lo número dos Deputados, así como tamén as causas de inelixibilidade e incompatibilidade que os afecten.

De acordo con estas directrices, considérase que a normativa electoral non debe introducir excesivas modificacións no regulamento xeral que ordena os mais dos procesos electorais con relevancia estatal.

Neste senso é preciso eliminarlos factores que puidesen suscitar inseguridades xurídicas, sobre todo na práctica, nos soportes persoais do sistema electoral. Polo demais cómpre ter en conta que unha maior claridade e sinxeleza nos regulamentos especiais vai en beneficio das forzas políticas que concorren ás eleccións e, loxicamente, dos propios electores, que precisan normas claras e facilmente comprensibles.

Por todo o cal, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente, promulgo, en nome de El-Rei, a Lei de Eleccións ó Parlamento de Galicia.

Título preliminar

Artigo 1

A presente Lei é de aplicación ás eleccións a Deputados do Parlamento de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 11 do Estatuto de Autonomía para Galicia.

Título I

Disposicións xerais

Capítulo I

Electores

Artigo 2

1. Son electores os que, ostentando a condición de galegos conforme ó artigo 3 do Estatuto de Autonomía, sexan maiores de idade e gocen do dereito de sufraxio activo.

2. Para o exercicio do dereito de sufraxio é indispensable a inscrición no censo electoral.

Capítulo II

O censo electoral

Artigo 3

Nas eleccións ó Parlamento de Galicia rexerá o censo electoral único referido ás catro circunscricións electorais da Comunidade Autónoma.

Capítulo III

Elixibilidade

Artigo 4

1. Serán elixibles os cidadáns que, tendo a condición de electores, non estean incursos nalgunha das causas de inelixibilidade recollidas na lexislación xeral electoral.

2. Son inelixibles tamén:

a) O Presidente e os Conselleiros do Consello de Contas de Galicia.

b) O Valedor do Pobo e os seus vicevaledores.

c) Os Secretarios Xerais Técnicos e Directores Xerais das Consellerías, así como os Directores dos Gabinetes de Presidencia e das Consellerías.

d) O Director Xeral da Compañía de Radio-Televisión de Galicia e os directores das súas sociedades.

e) Os membros da policía autónoma en activo.

f) Os Ministros e Secretarios de Estado do Goberno Central.

g) Os Parlamentarios das Asambleas doutras Comunidades Autónomas.

h) Os membros dos Consellos de Goberno das demais Comunidades Autónomas, así como cargos de libre designación dos anteditos Consellos.

i) Os que exerzan funcións ou cargos conferidos e remunerados por un Estado extranxeiro.

3. Non serán elixibles polas circunscricións electorais comprendidas en todo ou en parte no ámbito territorial da súa xurisdicción:

a) Os Delegados Xerais da Xunta e mailos Delegados Provinciais das Consellerías.

b) Os Secretarios Xerais das Delegacións Xerais da Xunta.⁽¹⁾

Artigo 5

1. A calificación das inelixibilidades establecidas no artigo anterior, verificarase de conformidade co Réxime Xeral Electoral.

2. Quen formando parte dunha candidatura accedese a un cargo ou función declarada inelixible, debelle comunicar esta situación á correspondente Xunta Electoral, quedando excluído da candidatura.

Capítulo IV

Incompatibilidades

Artigo 6

1. As causas de inelixibilidade sono tamén de incompatibilidade.

2. A condición de Deputado ó Parlamento de Galicia tamén é incompatible coa de Alcalde, Presidente e Vicepresidente de Deputación, Deputados do Congreso e Senadores, agás os Senadores elixidos en representación da Comunidade Autónoma.

3. Así mesmo son incompatibles:

a) Os membros do Consello de Administración da Compañía de Radio-Televisión de Galicia.

b) Os Presidentes de Consellos de Administración, Conselleiros, Administradores, Directores Xerais, Xerentes e cargos equivalentes de entes públicos e empresas de participación pública maioritaria, calquera que sexa a súa forma, incluídas as Caixas de Aforro de fundación pública.⁽²⁾

Artigo 7

1. Ningún electo poderá adquirirla condición de Deputado se está incurso nalgunha causa de incompatibilidade.

2. O Deputado galego que aceptase un cargo, función ou situación constitutiva de incompatibilidade, cesará na situación de Deputado.

Título II

Sistema electoral

Artigo 8

De acordo co artigo 11.4 do Estatuto de Autonomía de Galicia a circunscrición electoral será a provincia.

Artigo 9

1. O número de Deputados do Parlamento de Galicia fíxase en 75.

2. A cada unha das catro provincias de Galicia correspóndelle un mínimo inicial de 10 Deputados.

(1) Reprodúcese a versión orixinaria. O artigo 4 foi modificado polo artigo único.1.º da Lei 15/1992.

(2) Reprodúcese a versión orixinaria. O artigo 6 foi modificado polo artigo único.2.º da Lei 15/1992.

3. Os 35 Deputados restantes distribúense entre as provincias en proporción á súa poboación, conforme ó seguinte procedemento:

a) Obtense unha cuota de reparto resultante de dividir por 35 a cifra total da poboación de dereito das provincias de Galicia.

b) Adxudícase a cada unha das catro provincias tantos Deputados como resulten, en números enteiros, de dividir a poboación de dereito provincial pola cuota de reparto.

c) Os Deputados restantes distribúense asignando un a cada unha das provincias, o cociente das cales, obtido conforme ó apartado anterior, teña unha fracción decimal maior.

4. O Decreto de convocatoria debe especificalo número de Deputados que se elixirá en cada circunscrición, de acordo co disposto neste artigo.

Artigo 10

A atribución de escanos en función dos resultados do escrutinio realízase conforme ás seguintes regras:

a) Non se teñen en conta aquelas candidaturas que non obtiveron, cando menos, o 3 por cento dos votos válidos emitidos na circunscrición.

b) Ordénanse de maior a menor, nunha columna, as cifras de votos obtidos polas restantes candidaturas.

c) Divídese o número de votos obtidos por cada candidatura por 1, 2, 3, etc., ata un número igual de escanos correspondentes á circunscrición, formándose un cadro semellante ó que aparece no exemplo práctico que se reflexa na correspondente Disposición Adicional. Os escanos atribúense ás candidaturas que obteñan os cocientes maiores no cadro, atendendo á súa orde decrecente.

d) Cando na relación de cocientes coincidan dous correspondentes a distintas candidaturas, o escano atribuírase á que obtivese maior número total de votos. De haber dous candidatos con igual número de votos, o primeiro empate resolverase por sorteo e os sucesivos de maneira alternativa.

e) Os escanos correspondentes a cada candidatura adxudícanse ós candidatos incluídos nela, pola orde de colocación na que aparecen.⁽³⁾

Artigo 11

En caso de falecemento, incapacidade ou renuncia dun Deputado en calquera momento da lexislatura o escano será atribuído ó seguinte da mesma lista atendendo á súa orde de colocación.

(3) Reprodúcese a versión orixinaria. O artigo 10 foi modificado polo artigo único.3.º da Lei 15/1992.

Título III

Convocatoria de elección s

Artigo 12

1. A convocatoria de elección s ó Parlamento de Galicia realizarase mediante Decreto que será publicado no *Diario Oficial de Galicia*.

2. O Decreto de convocatoria fixará o día da votación e a data da sesión constitutiva do Parlamento, que terá lugar dentro do prazo de un mes a contar desde o día de celebración das elección s.⁽⁴⁾

Título IV

Xuntas electorais

Artigo 13

1. A administración electoral correspóndelles á Xunta Electoral de Galicia, ás Xuntas Provinciais e de Zona e ás mesas electorais.

2. A Xunta Electoral de Galicia terá a súa sede na do Tribunal Superior de Xusticia.

Artigo 14

1. A Xunta Electoral de Galicia é un órgano permanente e está composto por:

a) Presidente: o Presidente do Tribunal Superior de Xusticia de Galicia.

b) Vicepresidente: o elixido polos vocais, de entre os de orixe xudicial, na sesión constitutiva que se celebrará a convocatoria do Secretario.

c) Catro Vocais, Maxistrados do Tribunal Superior de Xusticia.

d) Catro Vocais, profesores en activo da Facultade de Dereito da Universidade.

2. As designación s dos vocais, no non previsto polo apartado anterior, realizaranse nos noventa días seguintes á sesión constitutiva do Parlamento, conforme ás seguintes normas:

a) Os Maxistrados do Tribunal Superior de Xusticia serán designados por sorteo efectuado perante o Presidente do Tribunal.

b) Os Profesores da Facultade de Dereito serán designados a proposta conxunta dos partidos, federación s, coalición s ou agrupación s de electores con representación no Parlamento. Cando a proposta non teña lugar no devandito prazo, a Mesa do Parlamento, oídas as forzas políticas presentes na Cámara, procederá á súa designación, en consideración á representación existente na mesma.

Artigo 15

1. Os membros da Xunta Electoral de Galicia serán nomeados por Decreto ó comenzo de cada lexislatura e continuarán o seu mandato ata a toma de posesión da nova Xunta Electoral.

(4) Reprodúcese a versión orixinaria. O artigo 12 foi modificado polo artigo único.4.º da Lei 15/1992.

2. O Secretario da Xunta Electoral de Galicia é o Letrado Maior do Parlamento. Participa con voz e sen voto nas súas deliberacións e custodia a documentación correspondente á Xunta Electoral.

Artigo 16

O Parlamento poñerá a disposición da Xunta Electoral de Galicia os medios persoais e materiais para o exercicio das súas funcións.

Artigo 17

1. Os membros da Xunta Electoral de Galicia son inamovibles e só poderán ser suspendidos por delitos ou faltas electorais, mediante expediente incoado pola propia Xunta en virtude de acordo da maioría absoluta dos seus componentes, sen prexuício do procedemento xudicial correspondente.

2. No suposto previsto no número anterior, así como no caso de renuncia xustificada e aceptada polo Presidente, procederase á substitución dos membros da Xunta Electoral da Comunidade Autónoma conforme ás seguintes regras:

a) O Vicepresidente e os Vocais serán substituídos polos mesmos procedementos previstos para a súa designación.

b) O Letrado Maior do Parlamento será substituído polo Letrado máis antigo, e, en caso de igualdade, polo de maior idade.

Artigo 18

Amais das competencias establecidas na lexislación vixente,

correspóndelle á Xunta Electoral de Galicia:

a) Resolve-las consultas que lle eleven as Xuntas Provinciais e dicitar instrucións ás mesmas en materia da súa competencia.

b) Resolve-las queixas, reclamacións e recursos que se lle dirixan conforme á presente Lei ou a calquera outra disposición que lle atribúa esa competencia.

c) Exercer xurisdicción disciplinaria sobre tódalas persoas que interveñan con carácter oficial nas operacións electorais.

d) Corrixi-las infraccións que se produzan no proceso electoral sempre que non estean reservadas ós tribunais ou outros órganos e impoñer multas ata a cantidade de 150.000 ptas. conforme ó establecido pola lei.⁽⁵⁾

Título V

Procedemento electoral

Capítulo I

Representantes das candidaturas perante a administración electoral

Artigo 19

1. Os partidos, federacións, coalicións e agrupacións que preten-

(5) Reprodúcese a versión orixinaria. O artigo 18 foi modificado polo artigo único.6.º da Lei 15/1992.

dan concorrer ás eleccións ó Parlamento de Galicia, designarán ás persoas que deban representalos perante a administración electoral, como representantes xerais ou de candidaturas.

2. Os representantes xerais actúan en nome dos partidos, federacións, coalicións e agrupacións concorrentes.

3. Os representantes das candidaturas sono dos candidatos incluídos nelas.

Ó seu domicilio, ou ó lugar que designen a eses efectos, remitirán-selle-las notificacións, escritos e emprazamentos dirixidos pola administración electoral ós candidatos, dos que reciben, pola soa aceptación da candidatura, un apoderamento xeral para actuar en procedementos xudiciais en materia electoral.

Artigo 20

1. Ós efectos previstos no artigo anterior, os partidos, federacións, coalicións e agrupacións que pretendan concorrer ás eleccións ó Parlamento de Galicia designarán por escrito, perante a Xunta Electoral de Galicia, un representante xeral, antes do noveno día posterior á convocatoria de eleccións. O mencionado escrito deberá expresa-la aceptación da persoa designada.

2. Cada un dos representantes xerais designará, antes do undécimo día posterior á convocatoria, perante a Xunta Electoral de Galici-

cia, os representantes das candidaturas que o seu partido, federación, coalición ou agrupación presente en cada unha das circunscricións electorais.

3. No prazo de dous días a Xunta Electoral de Galicia comunicarlles ás Xuntas Electorais Provinciais os nomes dos representantes das candidaturas correspondentes á súa circunscrición.

4. Os representantes das candidaturas presentaranse persoalmente perante as respectivas Xuntas Provinciais, para acepta-la súa designación, antes do décimo quinto día posterior á convocatoria de eleccións.

Capítulo II

Presentación

e proclamación de candidatos

Artigo 21

1. Para as eleccións ó Parlamento de Galicia, a Xunta Electoral competente para tódalas actuacións previstas en relación á presentación e proclamación de candidatos é a Xunta Electoral Provincial.

2. Cada candidatura presentara-se mediante lista de candidatos.

3. Para presentar candidaturas, as agrupacións de electores precisarán, cando menos, a sinatura do un por cento dos inscritos no censo electoral de circunscricións.

4. As candidaturas presentadas e as candidaturas proclamadas das catro circunscricións de Galicia publicaranse no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 22

1. A presentación de candidatos deberase realizar mediante listas que deben incluír tantos candidatos coma cargos a elixir e, ademais, un número de suplentes non superior a cinco.

2. En calquera caso, as listas deberán conte-lo número exacto de escanos que deban ser cubertos, sen que se poida admitir ningunha lista que non cumpra tal requisito.

3. As Xuntas Electorais Provinciais inscribirán a candidatura facendo consta-la data e hora de presentación da mesma. Expedirán documento acreditativo deste trámite se se lles solicita.

Artigo 23

As candidaturas electorais non poderán ser obxecto de modificación unha vez presentadas, agás no prazo establecido para a reparación de irregularidades e só por pasamento ou renuncia do titular, operando automaticamente a reparación pola orde dos suplentes, agás que o representante dixese outra cousa.

Capítulo III

Campaña electoral

Artigo 24

Enténdese por campaña electoral, a efectos desta Lei, o conxunto de

actividades lícitas levadas a cabo polos candidatos, partidos, federacións, coalicións ou agrupacións en orde á captación de sufraxios.

Artigo 25

1. O Decreto de convocatoria fixará a data da iniciación da campaña electoral e o día da votación.

2. Durante o período de campaña electoral os poderes públicos da Comunidade Autónoma de Galicia poderán realizar campaña institucional orientada exclusivamente a fomenta-la participación dos electores na votación.⁽⁶⁾

Capítulo IV

Utilización dos medios da Compañía de Radio-Televisión de Galicia

Artigo 26

Non se poderán contratar espacios de publicidade electoral nos medios de comunicación da Compañía de Radio-Televisión de Galicia.

Artigo 27

1. Durante a campaña electoral os partidos, federacións, coalicións e agrupacións que concorran ás eleccións teñen dereito a espacios gratuítos de propaganda nas emisoras da Compañía de Radio-Televisión de Galicia.

(6) Reprodúcese a versión orixinaria. O artigo 25 foi modificado polo artigo único.7.º da Lei 15/1992.

2. A distribución dos devanditos espaciais farase en función do número total de votos obtidos por cada partido, federación, coalición ou agrupación nas precedentes eleccións ó Parlamento de Galicia.⁽⁷⁾

Artigo 28

1. A Xunta Electoral de Galicia é a autoridade competente para distribuí-los espaciais gratuítos de propaganda electoral que se emitan polos medios de comunicación da Compañía de RTVG a proposta da Comisión a que se refire o apartado seguinte deste artigo.

2. A Comisión de Control Electoral de RTVG será designada pola Xunta Electoral da Comunidade Autónoma de Galicia e estará integrada por un representante de cada partido, federación, coalición e agrupación que concorran ás eleccións convocadas ó Parlamento e contén con representación no mesmo. Os devanditos representantes votarán ponderadamente de acordo coa composición do Parlamento.

Artigo 29

1. A distribución de tempo grauíto de propaganda electoral en cada medio de comunicación da Compañía de RTVG e nos distintos ámbitos de programación dependentes da mesma, efectuarase conforme ós seguintes criterios:

a) Un tempo, a determinar, para os partidos, federacións, coalicións e agrupacións de electores que non concorreron ou non obtiveron representación nas anteriores eleccións ó Parlamento de Galicia, ou para aqueles que, obténdoa, non acadaron o 5% do total de votos válidos emitidos no territorio da Comunidade Autónoma.

b) O dobre de tempo para aqueles que obtiveron representación nas anteriores eleccións ó Parlamento de Galicia e acadaron entre o 5% e o 15% do total de votos a que se fai referencia no apartado precedente.

c) O triple de tempo para aqueles que obtiveron representación nas anteriores eleccións e acadaron máis dun 15% do total de votos a que se fai referencia no párrafo a).

2. O dereito ós tempos de emisión grauíta, referenciados no apartado anterior, só corresponde ós partidos, federacións, coalicións e agrupacións que presenten candidatura, ó menos, en tres circunscricións electorais da Comunidade Autónoma.

3. O momento e maila orde da súa intervención serán determinados pola Xunta Electoral de Galicia, tendo en conta as preferencias daqueles e o disposto no apartado 2 do artigo 27.⁽⁸⁾

(7) Reprodúcese a versión orixinaria. O artigo 27 foi modificado polo artigo único.8.º da Lei 15/1992.

(8) Reprodúcese a versión orixinaria. O artigo 29 foi modificado polo artigo único.9.º da Lei 15/1992.

Capítulo V

Papeletas e sobres electorais

Artigo 30

1. As Xuntas Electorais Provinciais son os órganos competentes para aproba-lo modelo oficial das papeletas correspondentes á súa circunscrición.

2. A Xunta de Galicia asegurará a dispoñibilidade das papeletas e dos sobres de votación conforme ó disposto no artigo seguinte, sen prexuício da súa eventual confección polos grupos políticos que concorran ás eleccións.

Artigo 31

1. A confección das papeletas e os sobres de votación iníciase inmediatamente despois da proclamación de candidatos.

2. Se contra a proclamación de candidatos se interpoñen recursos perante o órgano xudicial contencioso-administrativo competente na provincia, a confección das papeletas correspondentes posponse na circunscrición electoral onde se interpuxeron, ata a resolución destes recursos.

3. As primeiras papeletas confeccionadas entregaráselle á Delegación do Goberno para o seu envío ós residentes ausentes que viven no extranxeiro.

4. Os Delegados Xerais da Xunta aseguran a entrega de papeletas e sobres en número suficien-

te ás mesas electorais, polo menos unha hora antes do momento no que se deba iniciar a votación.

Artigo 32

As papeletas electorais destinadas á elección de Deputados ó Parlamento de Galicia deben expresalas indicacións seguintes:

a) Denominación, sigla e símbolo do partido, federación, coalición ou agrupación de electores que presente a candidatura.

b) Os nomes e apelidos dos candidatos e dos suplentes, segundo a súa orde de colocación, así como, no seu caso, a condición de independente dos candidatos que concorran con tal carácter ou, no caso de coalicións, a denominación do partido ó que pertenza cada un se así se esixiu para a presentación da lista.

Capítulo VI

Interventores e apoderados

Artigo 33

1. O representante de cada candidatura pode nomear, ata tres días antes da elección, dous interventores por cada mesa electoral, para que comprobren que a votación se desenvolve conforme ás normas establecidas.

2. Para ser designado interventor é esixible a condición de elector de acordo co artigo 2 da pre-

sente Lei, debendo pertencer á circunscrición electoral na que se atope a mesa na que vaia desempeña-las súas funcións.

3. O nomeamento farase mediante a expedición de credenciais talonarias, coa data e sinatura ó pé do nomeamento.

4. As follas talonarias por cada interventor deberán estar divididas en catro partes: unha como matriz para conserva-la o representante; a segunda entregaraa o interventor como credencial; a terceira e cuarta serán remitidas á Xunta de Zona, para que esta faga chegar unha delas á mesa electoral de que formen parte e outra á mesa na que teñan dereito a votar para a súa exclusión da lista electoral.

5. As credenciais de nomeamento de interventores enviaranse ás Xuntas de Zona ata o mesmo terceiro día anterior ó da votación.

6. As Xuntas de Zona farán a remisión ás mesas de maneira que obren no seu poder no momento de constituírse as mesmas o día da votación.

7. Para integrarse na mesa o día da votación, comprobarase que a credencial é conforme coa folla talonaria que se atopa en poder da mesa. De non ser así ou de non existir folla talonaria poderá dár-selle posesión, consignando o incidente na acta.

Neste caso, sen embargo, o interventor non poderá votar na mesa na que estea acreditado.

Se o interventor concorre sen a súa credencial, unha vez que a mesa recibiu a folla talonaria, logo de comproba-la súa identidade, permitiráselle integrarse na mesa, tendo, neste caso, dereito a votar na mesma.

Artigo 34

1. Os interventores, como membros das mesas, colaborarán no bo funcionamento do proceso de votación e escrutinio velando co Presidente e os vocais para que as actas electorais se realicen de acordo coa lei.

2. Os interventores poderán:

a) Solicitar certificación da acta de constitución da mesa e da acta xeral da sesión ou dun extremo determinado delas. Non se expedirá máis de unha certificación por candidatura.

b) Reclamar sobre a identidade dun elector, o que deberá realizar publicamente.

c) Anotar, se o desexa, nunha lista numerada de electores, o nome e número de orde en que emiten os seus votos.

d) Pedir durante o escrutinio a papeleta lida polo presidente, para o seu exame.

e) Formula-las protestas e reclamacións que coide oportunas, tendo dereito a facelas constar na acta xeral da sesión.

Artigo 35

1. O representante de cada candidatura pode outorgar poder a favor de calquera cidadán, maior de idade, que se atope en pleno uso dos seus dereitos civís e políticos co obxecto de ostenta-la representación da candidatura nos actos e operacións electorais.

2. O apoderamento formalízase perante notario ou perante o secretario da Xunta Electoral Provincial ou de Zona, os cales expiden a correspondente credencial conforme ó modelo oficialmente establecido.

Artigo 36

Os apoderados teñen as mesmas facultades que os interventores, se ben deberán votar na sección e mesa que lles corresponda conforme á súa inscrición no censo.

Artigo 37

Os apoderados deben mostrár-lle-las súas credenciais e mailo seu Documento Nacional de Identidade ós membros das mesas electorais e demais autoridades competentes.

Capítulo VII

Dos deputados proclamados

Artigo 38

A presidencia da Xunta Electoral de Galicia remitiralle ó Parlamento a lista de parlamentarios proclamados nas circunscricións electorais.

Título VI

Gastos e subvencións electorais

Artigo 39

Toda candidatura debe ter un administrador electoral responsable dos seus ingresos, dos seus gastos e da súa contabilidade.

Artigo 40

1. Os partidos, federacións, coalicións e agrupacións de electores que presenten candidaturas en máis de unha circunscrición deben ter, ademais, un administrador xeral responsable de tódolos ingresos e gastos electorais, así como da correspondente contabilidade.

2. Os administradores electorais das candidaturas actúan baixo a responsabilidade do administrador xeral.

Artigo 41

1. Poderá ser designado administrador electoral calquera cidadán maior de idade e en pleno uso dos seus dereitos civís e políticos.

2. Non poderá ser administrador electoral ningún candidato.

Artigo 42

1. Os administradores das candidaturas son designados por escrito diante da Xunta Electoral Provincial correspondente polos seus respectivos representantes no acto de presentación das candidaturas. O escrito deberá expresa-la aceptación da persoa designada. As Xun-

tas Electorais Provinciais comunicarlle á Xunta Electoral de Galicia os designados na súa circunscrición.

2. Os representantes xerais dos partidos, asociacións⁽⁹⁾, federacións e agrupacións electorais presentarán un escrito, antes do día 15.º posterior á convocatoria de eleccións, co nome do administrador xeral. O escrito deberá expresa-la aceptación da persoa indicada.

Artigo 43

1. Os administradores xerais e os das candidaturas comunicarlles á Xunta Electoral de Galicia e ás Xuntas Provinciais, respectivamente, as contas abertas para a recadación de fondos.

2. A apertura de contas pode realizarse a partir da data de nomeamento dos Administradores Electorais, en calquera entidade bancaria ou Caixa de Aforros. A comunicación á que fai referencia o apartado anterior debe realizarse nas 24 horas seguintes á apertura das contas.

3. Se as candidaturas presentadas non fosen proclamadas ou renunciaren a concorrer ás eleccións ó Parlamento de Galicia, as imposicións realizadas por terceiros nestas contas deberanlles ser restituídas polos partidos, federacións, coalicións ou agrupacións

que as promoveron.

Artigo 44

1. A Comunidade Autónoma subvencionará os gastos electorais de acordo coas seguintes regras:

a) Un millón cincocentas mil pesetas por cada escano obtido.

b) Sesenta pesetas por voto conseguido por cada candidatura que obteña escano.

2. O límite de gastos electorais nas eleccións ó Parlamento de Galicia será o que resulte de multiplicar por corenta pesetas o número de habitantes da poboación de dereito da circunscrición onde cada partido, coalición, federación ou agrupación presente candidatura. Esta cantidade poderá incrementarse en razón de vinte millóns de pesetas por cada circunscrición a que concorra.

3. As cantidades mencionadas refírense a pesetas constantes. A Consellería de Economía e Facenda fixará as cantidades actualizadas nos cinco días seguintes á convocatoria de eleccións.

4. Ningún partido, federación, coalición ou agrupación pode realizar gastos electorais que superen os límites establecidos no apartado 2.⁽¹⁰⁾

Artigo 45

(10) Reprodúcese a versión orixinaria. O artigo 44 foi modificado polo artigo único.10.º da Lei 15/1992.

(9) Debe entenderse: coalicións.

1. A Comunidade Autónoma de Galicia concederalles anticipos das subvencións mencionadas ós partidos, coalicións, federacións e agrupacións que obtivesen representantes nas últimas eleccións celebradas ó Parlamento de Galicia, de ata un 30% da subvención percibida naquelas.

2. Se concorresen en máis de unha provincia, a solicitude formularase polo Administrador Xeral ante a Xunta Electoral de Galicia. Nos restantes supostos, polo Administrador da candidatura ante a Xunta Electoral Provincial correspondente, que a cursará á Electoral de Galicia.

Os anticipos haberán de solicitarse entre os días vixésimo primeiro e vixésimo terceiro posteriores á convocatoria.

3. A partir do vixésimo noveno día posterior á convocatoria, a Administración da Comunidade poñerá á disposición das Administracións Electorais os anticipos correspondentes.

4. Os anticipos deberán reintegrarse na contía na que superen o importe definitivo da subvención.

Artigo 46

1. No prazo de catro meses posterior ás eleccións, os partidos, federacións, coalicións ou agrupacións que acadasen os requisitos esixidos para recibir subvencións da Comunidade Autónoma ou que solicitasen adiantos con cargo ós mesmos, presentarán ante o Con-

sello de Contas unha contabilidade detallada e documentada dos seus respectivos ingresos e gastos electorais.

2. A Administración da Comunidade Autónoma entregarálle-lo importe das subvencións ós Administradores Electorais das entidades que deban percibilas, a non ser que lle notificasen á Xunta Electoral da Comunidade Autónoma que as subvencións sexan abonadas en todo ou en parte ás entidades bancarias que designen, para compensalos anticipos ou créditos que lles outorgasen. A Administración da Comunidade Autónoma verificará o pagamento conforme ós termos da antedita notificación, que non poderá ser revocada sen consentimento da entidade de crédito beneficiaria.

Artigo 47

1. O Consello de Contas, no prazo de un mes a partir do sinalado no apartado 1 do artigo 46, poderá recabar dos obrigados as aclaracións e documentos complementarios que estime necesarios.

2. Dentro dos sete meses seguintes ás eleccións, o Consello de Contas pronunciarase sobre a regularidade das contabilidades electorais.

3. No suposto de que apreciase irregularidades ou violación dos límites establecidos na materia de ingresos e gastos electorais, poderá propoñe-la non adxudicación ou a redución da subvención a obter da Comunidade Autónoma

Disposición transitoria segunda

1. No prazo de un mes a partir da entrada en vigor desta Lei procederase ó nomeamento dos vocais da Xunta Electoral da Comunidade Autónoma.

2. Designados os vocais da Xunta Electoral de Galicia, procederase á constitución da mesma no prazo de cinco días.

Disposición transitoria terceira

O réxime de incompatibilidades disposto nesta Lei entrará en vigor a partir das próximas eleccións ó Parlamento de Galicia.

Disposición transitoria cuarta

Ós efectos previstos no artigo 27, nas primeiras eleccións que se celebren a partir da entrada en vigor da presente Lei enténdese que os Grupos Parlamentarios existentes no momento da disolución da Cámara asumen a representación proporcional dos electores que, no seu día, votaron ó partido ou coalición polos que se presentaron os Deputados que constitúen os Grupos.

Disposición transitoria quinta

Nas primeiras eleccións a celebrar despois da entrada en vigor da presente Lei, o número de Deputados do Parlamento de Galicia é de

71, dos que corresponderán 22 á provincia da Coruña, 15 á de Lugo, 15 á de Ourense e 19 á de Pontevedra.

Disposición final primeira

En todo o non previsto na presente Lei serán de aplicación as normas vixentes para as eleccións lexislativas ó Congreso dos Deputados das Cortes Xerais, coas modificacións e adaptacións derivadas do carácter e ámbito da consulta electoral ó Parlamento de Galicia e, neste senso, enténdese que as competencias atribuídas ó Estado e ós seus órganos e autoridades se asignan ás correspondentes da Comunidade Autónoma verbo das materias que non son competencia exclusiva daquel.

Disposición final segunda

Esta Lei entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 13 de agosto de 1985

Gerardo Fernández Albor
Presidente

Lei 15/1992, do 30 de decembro, pola que se modifica a Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ó Parlamento de Galicia

Tramitación parlamentaria:

Proxecto de lei, BOPG núm. 279, do 5.6.1992.

Emendas, BOPG núm. 295, do 3.7.1992.

Debate de totalidade, DSPG núm. 124, do 8.9.1992.

Informe da Ponencia, BOPG núm. 322, do 10.10.1992.

Dictame da Comisión, BOPG núm. 337, do 6.11.1992.

Debate e aprobación polo Pleno, DSPG núm. 138, do 24.11.1992.

Publicación:

Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 355, do 17.12.1992.

Diario Oficial de Galicia núm. 1, do 4.1.1993.

Boletín Oficial del Estado núm. 46, do 23.2.1993.

Lei 15/1992, do 30 de decembro, pola que se modifica a Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ó Parlamento de Galicia

A entrada en vigor da Lei orgánica 8/1991, do 13 de marzo, de reforma da Lei electoral xeral, unida á necesaria adaptación de determinados preceptos da Lei de eleccións ó Parlamento de Galicia, aconsellada pola súa aplicación nos procesos electorais anteriores, 1985 e 1989, fai imperativo por unha banda e adecuado por outra acometer determinadas reformas na vixente lei.

Por iso, efectúanse no texto presentado unha serie de modificacións que teñen por obxecto a adaptación á Lei orgánica do réxime electoral xeral, como sería o referente ás competencias da Xunta Electoral de Galicia ou a distribución de tempos gratuítos de propaganda electoral nos medios de comunicación de titularidade pública, que experimentan un substancial aumento.

A evolución do custo da vida desde a publicación da Lei 8/1985, do 13 de agosto, aconsella actualizalos límites de gasto electoral e mailos de subvencións de tales gastos.

Buscar unha maior dedicación e atención á *res publica* dos cargos electos, así como o seu axusta-

mento ás denominacións legais vixentes, conselleiro maior do Consello de Contas, por exemplo, é o fundamento das reformas introducidas nos supostos de inelixibilidade.

Por último, unha lóxica adaptación da lei ó nivel de implantación social das forzas políticas e a procura da máxima eficacia na actuación do Parlamento fundamentan a modificación do límite mínimo para a atribución de escanos, tal como realizaron as comunidades autónomas de Valencia, País Vasco, Madrid, Extremadura, A Rioxa, Murcia e Cantabria.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, promulgo, en nome de El-Rei, a Lei pola que se modifica a Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ó Parlamento de Galicia.

Artigo único

Os artigos que a seguir se relacionan da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ó Parlamento de Galicia, quedan redactados nos seguintes termos:

Primeiro. O artigo 4 queda redactado da forma seguinte:

«1. Serán elixibles os cidadáns que, tendo a condición de electores, non estean incursos nalgunha das causas de inelixibilidade recollidas na lexislación electoral xeral.

2. Son inelixibles tamén:

a) O conselleiro maior e os conselleiros do Consello de Contas de Galicia.

b) O valedor do pobo e os seus vicevaledores.

c) Os alcaldes, presidentes de Deputación e deputados provinciais.

d) Os secretarios xerais técnicos e os directores xerais das consellerías, os directores dos gabinetes da Presidencia e das consellerías, así como os altos cargos de libre designación da Xunta de Galicia nomeados por decreto da Xunta.

e) Os presidentes e directores xerais ou asimilados dos organismos autónomos dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia, agás que a dita presidencia a exerza un membro do Consello do Goberno.

f) Os delegados xerais da Xunta, os delegados provinciais ou territoriais das consellerías e os secretarios das súas delegacións.

g) O director xeral da Compañía de Radio-Televisión de

Galicia, os directores das súas sociedades e os seus delegados territoriais.

h) O delegado territorial da TVE en Galicia, así como os directores dos centros de radio e televisión que dependan de entes públicos.

i) Os membros da Policía Autónoma en activo.

j) O presidente, vicepresidente, ministros e secretarios de Estado do Goberno central.

k) Os parlamentarios das asembleas doutras comunidades autónomas.

l) Os membros dos consellos de goberno das demais comunidades autónomas, así como os cargos de libre designación dos citados consellos.

m) Os que exerzan funcións ou cargos conferidos e remunerados por un Estado estranxeiro.»

Segundo. O apartado 2 do artigo 6 queda redactado da forma seguinte:

«2. A condición de deputado do Parlamento de Galicia é incompatible coa de parlamentario europeo, deputado do Congreso e senador, salvo os senadores elixidos en representación da Comunidade Autónoma.»

Engádeselle ó apartado 3.b) o seguinte parágrafo final:

«Os cargos ós que se refire o parágrafo anterior non consti-

tuirán causa de incompatibilidade cando se posúan por representación sindical ou pola súa condición de membro do Goberno autónomo ou de Corporación local.»

Engádense uns novos apartados 4, 5, 6 e 7 co texto literal seguinte:

«4. O mandato dos deputados do Parlamento de Galicia é compatible co desempeño de actividades privadas, salvo nos supostos seguintes:

a) As actividades de xestión ou dirección ante a Administración Pública galega, os seus entes ou organismos autónomos en asuntos que teñan que resolver estes, que afecten directamente á realización dalgún servicio público ou que estean encamiñados á obtención de subvencións ou avales públicos. Exceptúanse as actividades particulares que, en exercicio dun dereito recoñecido, realicen os directamente interesados, así como as subvencións ou os avales dos que a súa concesión derive da aplicación regrada do disposto nunha norma de carácter xeral.

b) A actividade de contratista ou fiador de obras, servicios ou subministracións públicos que se paguen con fondos da Comunidade Autónoma ou o desempeño de cargos que leven anexas funcións de dirección ou representación en compañías ou empresas que se dediquen ás devanditas actividades.

c) A celebración con posterioridade á data da súa elección como

deputado de concertos de prestación de servicios de asesoramento ou de calquera outra índole, con titularidade individual ou compartida, en favor da Administración pública galega.

d) A participación superior ó dez por cento, adquirida en todo ou en parte, con posterioridade á data da súa elección como deputado, agás que fose por herdanza, en empresas ou sociedades que teñan concertos de obras, servicios ou subministracións con entidades do sector público.»

«5. Os deputados que desempeñen, por si ou mediante substitución, calquera outro posto, profesión ou actividade, públicos ou privados, por conta propia ou allea, retribuídos mediante soldo, salario, arancel, honorarios ou calquera outra forma, só percibirán, con cargo ós presupostos do Parlamento de Galicia, as indemnizacións e axudas de custo que sexan correspondentes para o cumprimento da súa función.»

«6. Garantíraselle-la reserva de posto ou praza de destino, nas condicións que determinen as normas específicas de aplicación, ós deputados que, como consecuencia da súa dedicación parlamentaria, estean na situación de excedencia voluntaria ou servicios especiais.»

«7. Os deputados deberán formular declaración de tódalas actividades que poidan constituír causa de incompatibilidade con-

forme o establecido na lexislación vixente e de calquera outra actividade que lles proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos, así como dos seus bens patrimoniais, tanto ó adquiriren coma ó perderen a súa condición de parlamentarios, así como cando modifiquen as súas circunstancias.

As declaracións sobre actividades e bens formularanse por separado conforme o modelo que aprobe a Mesa do Parlamento e inscribíranse nun Rexistro de Intereses, que estará baixo a dependencia directa do presidente da Cámara.

O contido do Rexistro de Intereses terá carácter público, a excepción do que se refire a bens patrimoniais.»

Terceiro. O artigo 10 queda redactado da forma seguinte:

«A atribución de escaños en función dos resultados do escrutinio realízase de acordo coas seguintes regras:

a) Non se teñen en conta aquelas candidaturas que non obtiveron, cando menos, o cinco por cento dos votos válidos emitidos na circunscrición.

b) Ordénanse de maior a menor, nunha columna, as cifras e os votos obtidos polas restantes candidaturas.

c) Divídese o número de votos obtido por cada candidatura por 1,

2, 3, etc., ata un número igual de escaños correspondentes á circunscrición, formándose un cadro semellante ó que aparece no exemplo práctico que se recolle na correspondente disposición adicional. Os escaños atribúenselles ás candidaturas que obteñan os cocientes maiores no cadro, atendendo á súa orde decrecente.

d) Cando na relación de cocientes coincidan dous correspondentes a distintas candidaturas, o escano atribuiráselle á que obtivese maior número total de votos. De haber dous candidatos con igual número de votos, o primeiro empate resolverse por sorteo e os sucesivos de maneira alternativa.

e) Os escaños correspondentes a cada candidatura adjudícanse ós candidatos incluídos nela, pola orde de colocación na que aparecen.»

Cuarto. O artigo 12 queda redactado da forma seguinte:

«1. A convocatoria de eleccións ó Parlamento de Galicia realizárase mediante decreto.

2. O decreto de convocatoria sinalará a data das eleccións, que se deberán celebrar entre o quincuaxésimo cuarto e o sexaxésimo día posterior á convocatoria, a duración da campaña electoral, así como a data constitutiva do Parlamento, que terá lugar dentro do prazo de un mes, contado desde o día da celebración das eleccións.

3. Salvo no suposto de disolu-

ción anticipada, o decreto de convocatoria expedirase o vixésimo quinto día anterior á expiración do mandato do Parlamento.

4. O decreto de convocatoria publicarase o día seguinte da súa expedición no *Diario Oficial de Galicia* e entrará en vigor o mesmo día da súa publicación.»

Quinto. Os apartados 1.d) e 2.b) do artigo 14 quedan redactados da forma seguinte:

«1.d) Catro vocais, profesores en activo das facultades de Dereito, de Ciencias Políticas ou de Socioloxía das universidades de Galicia.»

«2.b) Os profesores das facultades de Dereito, de Ciencias Políticas ou de Socioloxía serán designados por proposta conxunta dos partidos, federacións, coalicións ou agrupacións de electores con representación no Parlamento. Cando a proposta non teña lugar no prazo establecido no parágrafo primeiro deste apartado, a Mesa do Parlamento, oídas as forzas políticas presentes na Cámara, procederá á súa designación, en consideración á representación existente nela.»

Sexto. O artigo 18 queda redactado da forma seguinte:

«Ademais das competencias establecidas na lexislación vixente, correspóndelle á Xunta Electoral de Galicia:

a) Cursarlles instrucións de

obrigado cumprimento ás xuntas provinciais na materia electoral obxecto desta lei.

b) Resolver, con carácter vinculante, as consultas que lle elevan as xuntas provinciais na mesma materia.

c) Revocar de oficio, en calquera momento, ou por instancia de parte interesada, dentro dos prazos previstos no artigo 21 da Lei orgánica do réxime electoral xeral, as decisións da xuntas provinciais, cando se opoñan á interpretación da normativa electoral realizada pola Xunta Electoral de Galicia.

d) Unifica-los criterios interpretativos das xuntas provinciais na aplicación da normativa electoral.

e) Aprobar, por proposta da Administración da Xunta, os modelos de actas de constitución de mesas electorais, de escrutinio, de sesión, de escrutinio xeral e de proclamación de electos. Tales modelos deberán permiti-la expedición instantánea de copias das actas, mediante documentos autocopiativos e outros procedementos análogos.

f) Resolve-las queixas, reclamacións e recursos que se lle dirixan conforme a presente lei ou calquera outra disposición que lle atribúa esa competencia.

g) Exercer potestade disciplinaria sobre tódalas persoas que interveñan con carácter oficial nas operacións electorais.

h) Corrixi-las infraccións que se

produzan no proceso electoral, sempre que non sexan constitutivas de delicto, e impoñer multas ata a contía de 250.000 ptas.

i) Expedírlle-las credenciais ós deputados nos supostos de vacantes por falecemento, incapacidade e renuncia unha vez terminado o mandato das xuntas electorais provinciais.

j) Aplicar e garanti-lo dereito do uso gratuíto de espazos nos medios de comunicación de propiedade pública, no suposto previsto nos artigos 27, 28 e 29 da presente lei, e en xeral garanti-lo exercicio das liberdades públicas durante o proceso electoral.»

Sétimo. O artigo 25 queda re-dactado da forma seguinte:

«1. A campaña electoral terá unha duración non inferior a quince días nin superior a vinteún.

2. Terminará, en todo caso, ás cero horas do día inmediatamente anterior ó da votación.

3. Durante a campaña electoral os poderes públicos da Comunidade Autónoma de Galicia poderán realizar unha campaña institucional destinada a informar e fomenta-la participación dos electores na votación, sen influír na orientación de voto. Queda prohibida a utilización polos partidos políticos, federacións, coalicións ou agrupacións que concorran ás eleccións dos elementos identificativos da campaña insti-

tucional, dos que serán informados con anterioridade ó inicio da mesma.

4. A propaganda e os actos de campaña electoral axustaranse ó disposto na Lei orgánica do réxime electoral xeral.»

Oitavo. O artigo 27 queda re-dactado da forma seguinte:

«1. Durante a campaña electoral os partidos, federacións, coalicións ou agrupacións que concorran ás eleccións teñen dereito a espazos gratuítos de propaganda nas emisoras de televisión e radio da Compañía de RTVG, conforme o establecido neste artigo e nos seguintes.

2. A distribución dos mencionados espazos faise en función do número total de votos obtidos por cada partido, federación ou coalición nas anteriores eleccións ó Parlamento de Galicia.

3. Se as eleccións ó Parlamento de Galicia se celebran simultaneamente coas eleccións municipais, para a distribución de espazos nas emisoras da Compañía de RTVG só se teñen en conta os resultados das anteriores eleccións ó dito Parlamento».

Noveno. O artigo 29 queda re-dactado da forma seguinte:

«1. A distribución do tempo gratuíto de propaganda electoral en cada medio de comunicación da Compañía de RTVG e nos distintos ámbitos de programación que estes teñan efectuaranse con-

forme ó seguinte baremo:

A) Na TVG:

a) Dez minutos para os partidos, federacións e coalicións que non concorreron ou non obtiveron representación nas anteriores eleccións ó Parlamento de Galicia.

b) Vinte minutos para aqueles que, obténdoa, non acadaron o cinco por cento do total de votos válidos emitidos na Comunidade Autónoma.

c) Trinta minutos para os partidos, federacións e coalicións que obtiveron representación nas anteriores eleccións ó Parlamento de Galicia e acadaron entre o cinco e o quince por cento do total de votos a que se fai referencia no apartado precedente.

d) Corenta e cinco minutos para os partidos, federacións e coalicións que obtiveron representación nas anteriores eleccións ó Parlamento de Galicia e acadaron, polo menos, un quince por cento do total de votos a que se fai referencia no parágrafo b).

B) Na Radio Galega:

a) Trinta minutos para os partidos, federacións e coalicións que non concorreron ou non obtiveron representación nas anteriores eleccións ó Parlamento de Galicia.

b) Corenta minutos para aqueles que, obténdoa, non acadaron o cinco por cento do total de votos

válidos emitidos na Comunidade Autónoma.

c) Sesenta minutos para os partidos, federacións e coalicións que obtiveron representación nas anteriores eleccións ó Parlamento de Galicia e acadaron entre o cinco e o quince por cento do total de votos a que se fai referencia no apartado precedente.

d) Oitenta minutos para os partidos, federacións e coalicións que obtiveron representación nas anteriores eleccións ó Parlamento de Galicia e acadaron, polo menos, un quince por cento do total de votos a que se fai referencia no parágrafo b).

2. O dereito ós tempos de emisión gratuíta, enumerados no apartado anterior, só lles corresponde ós partidos, federacións e coalicións que presenten candidatura, cando menos, en tres circunscricións electorais da Comunidade Autónoma.

3. As agrupacións de electores que se federen para realizar propaganda nos medios da Compañía de Radio-Televisión de Galicia terán dereito a quince minutos en Televisión de Galicia e corenta minutos na Radio Galega de emisión, se cumpren o requisito de presentación de candidaturas esixido no apartado 2 precedente deste mesmo artigo.

4. Para a determinación do momento e da orde e emisión dos espazos gratuítos de propaganda

electoral a que se refire este artigo, a Xunta Electoral de Galicia terá en conta as preferencias dos partidos, federacións ou coalicións en función do número de votos que obtiveron nas anteriores eleccións ó Parlamento de Galicia.»

Décimo. O artigo 44 queda re-dactado da forma seguinte:

«1. A Comunidade Autónoma subvencionará os gastos electorais de acordo coas seguintes regras:

a) Dous millóns de pesetas para cada escano obtido no Parlamento de Galicia.

b) Setenta e cinco pesetas por cada un dos votos conseguidos por cada candidatura, se un, polo menos, dos membros dela obtivo escano de deputado.

2. Ademais das subvencións ás que se refire o apartado anterior, a Comunidade Autónoma subvencionaralles ós partidos, federacións, coalicións e agrupacións de electores os gastos ocasionados polo envío directo e persoal ós electores de sobres e papeletas electorais ou de propaganda e publicidade electoral a razón de vinte pesetas por elector, sempre que a candidatura de referencia obteña representación.

3. O límite dos gastos electorais nas eleccións ó Parlamento de Galicia será o que resulte de multiplicar por sesenta pesetas o número de habitantes correspon-

dente á poboación de dereito da circunscrición onde presente as súas candidaturas cada partido, federación, coalición ou agrupación de electores.

Non se incluírán dentro do límite dos gastos electorais as cantidades subvencionadas de acordo co disposto no apartado anterior.

4. As cantidades mencionadas nos apartados anteriores refírense a pesetas constantes. A Consellería de Economía e Facenda fixará as cantidades actualizadas nos cinco días seguintes á convocatoria de eleccións.

5. Ningún partido, federación, coalición ou agrupación poderá realizar gastos electorais que superen os límites establecidos no apartado 3 deste artigo.»

Disposición derradeira

Quedan derogados cantos preceptos se opoñan ou contradigan o contido desta lei, que entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 1992

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

I. DISPOSICIÓN XERAIS

PRESIDENCIA

Lei 12/2004, do 7 de decembro, pola que se modifica a Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia.

Preámbulo.

A filosofía da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, persegue -como se expresa no seu preámbulo- o obxectivo primordial de que as decisións políticas en que se reflicte o dereito de sufraxio se realicen en plena liberdade, articulando o procedemento de emanación da vontade maioritaria do pobo nas distintas instancias representativas nas cales se estrutura o Estado español.

Partindo desta premisa e transcorridos dezanove anos desde a entrada en vigor da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia, así como despois da experiencia acadada ao longo de numerosos comicios autonómicos, constatouse a chegada ás xuntas electorais provinciais de numerosos votos dos residentes ausentes fóra do prazo máximo determinado no artigo 103.1º da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, para a realización do escrutinio xeral. Deste xeito, en numerosas ocasións, malia terse exercido o dereito ao voto en tempo e forma por parte dos electores residentes no estranxeiro, este non resultou efectivo por non chegar en prazo ao escrutinio xeral das xuntas electorais provinciais.

Como consecuencia disto, pódese concluír que o prazo determinado no referido artigo resulta insuficiente para garantir a efectividade do exercicio do dereito ao voto dos electores residentes no estranxeiro, nunha comunidade autónoma como Galicia onde o número de inscritos neste censo é moi elevado.

Por todo o exposto, faise necesaria unha reforma lexislativa de desenvolvemento encamiñada a ampliar o prazo para a realización do escrutinio xeral e, con isto, acadar con todas as garantías a máxima participación electoral do voto emigrante, asegurando que a vontade expresada polos electores inscritos no censo de residentes ausentes teña garantías de ser contabilizada.

Así mesmo, e de conformidade coa disposición adicional primeira da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, a materia regulada polo punto primeiro do artigo 103 da devandita lei orgánica, relativa á data de inicio para a realización do escrutinio xeral, é susceptible de desenvolvemento pola lexislación das comunidades autónomas. É por isto polo que a Comunidade Autónoma de Galicia pode e, por todo o exposto anteriormente, debe legislar sobre esta materia a prol de dar maior garantía para que o voto dos galegos residentes no exterior sexa efectivamente tido en conta, modificando para isto a Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia.

De acordo co anteriormente citado, a modificación que se propón pode realizarse daquela desde o ámbi-

to autonómico, prevalecendo o prazo determinado pola Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia, sobre o determinado pola Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, por ser neste caso de aplicación supletoria.

Por todo o exposto o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2º do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 23 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, promulgo en nome de El-Rei a Lei de eleccións ao Parlamento de Galicia.

Artigo único.

Engádeselle un novo capítulo e un novo artigo á Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia, coa seguinte redacción:

Capítulo VI bis Do escrutinio

Artigo 37 bis.

1. As xuntas electorais provinciais realizarán o escrutinio xeral o oitavo día seguinte ao da votación.
2. O escrutinio deberá realizarse na forma prevista na Lei orgánica do réxime electoral xeral e concluírá non máis tarde do décimo primeiro día posterior ás eleccións.

Disposición derradeira única

Esta lei entrará en vigor aos vinte días da súa completa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, sete de decembro de dous mil catro.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

I. DISPOSICIÓN XERAIS

PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA

LEI 10/2012, do 3 de agosto, de modificación da estrutura do Valedor do Pobo.

Exposición de motivos

O Valedor do Pobo é unha institución prevista no artigo 14 do Estatuto de autonomía de Galicia. A súa función estatutaria concretouse na Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, que lle atribuíu a defensa dos dereitos fundamentais e das liberdades públicas recoñecidos na Constitución e a tutela dos dereitos individuais e colectivos emanados do Estatuto de autonomía. Tamén desenvolve as demais funcións que a lei lle atribúe, entre as que destaca a garantía do sometemento das administracións galegas á lei e ao dereito. Para tales efectos, o Valedor do Pobo supervisa a actividade das administracións por iniciativa propia (de oficio) e a través das queixas da cidadanía, promovendo desa forma unha mediación que posibilite, de ser o caso, a solución rápida dos problemas que afectan a cidadanía na súa relación coas administracións.

Tanto a previsión estatutaria do Valedor do Pobo coma o seu labor convérteno nun elemento relevante da estrutura institucional da Comunidade Autónoma. E o desenvolvemento adecuado das súas funcións sérvelle á cidadanía como un instrumento útil, rápido e gratuito á hora de facer efectivos os seus dereitos dun xeito alternativo ás canles ordinarias.

As funcións atribuídas ao Valedor do Pobo deben realizarse de forma eficaz, pero tamén eficiente. Por iso, cómpre, garantíndolle os medios persoais e materiais precisos para o desenvolvemento do seu labor, dotalo dos mecanismos legais que lle permitirán funcionar con maior eficacia e eficiencia, para o que esta norma simplifica a súa estrutura de altos cargos, e dálle un impulso á promoción das comunicacións telemáticas e ao afianzamento dun procedemento caracterizado pola simplicidade e a rapidez.

Esta lei contén tamén unha previsión transitoria que permite a continuidade institucional mentres non se leve a cabo a renovación do titular prevista na Lei 6/1984, do 5 de xuño, de tal maneira que sexan as previsións desta norma as que permitan cubrir o período interino.

Por todo o exposto o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13º.2 do Estatuto de Galicia e co artigo 24º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, promulgo en nome de El-Rei a Lei de modificación da estrutura do Valedor do Pobo.

Artigo 1. *Modificación da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo*

A Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, queda modificada como segue a continuación:

Un. Os puntos 1, 2 e 4 do artigo 5 quedan redactados do seguinte xeito:

«1.6ª) Pola perda da condición política de galego ou galega.»

«2. O presidente do Parlamento declarará a vacante no cargo nos supostos de morte, renuncia, expiración do prazo do mandato ou perda da condición política de galego. Nos outros casos, decidirá o Pleno do Parlamento pola maioría establecida das tres quintas partes dos membros do Parlamento, mediante debate e logo de audiencia do interesado.»

«4. Nos demais supostos, a Comisión de Peticións poderá acordar por maioría simple, en tanto non se cubra a vacante, o desempeño das funcións do valedor do pobo polo seu adxunto, interinamente.»

Dous. O artigo 8 queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 8

O valedor do pobo estará auxiliado por un adxunto, en quen poderá delegar as súas funcións e que o substituirá no exercicio destas.»

Tres. O artigo 9 queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 9

1. A Comisión de Peticións propoñeralle ao valedor do pobo o nomeamento do adxunto. O nomeamento e o cesamento deste correspóndenlle ao valedor do pobo.

2. O nomeamento e o cesamento do adxunto serán publicados no *Diario Oficial de Galicia*.

3. O adxunto deberá reunir as condicións establecidas no artigo 3.1, gozará durante o exercicio das súas funcións de todas as prerrogativas e garantías recoñecidas no artigo 6 e estará sometido ao réxime de incompatibilidades preceptuado no artigo 7 desta lei.»

Catro. O artigo 10.2 queda redactado do seguinte xeito:

«2. O cadro de persoal será aprobado pola Mesa do Parlamento por proposta do valedor do pobo. Dentro do devandito cadro, o valedor do pobo poderá designar catro asesores, sempre que sexa posible dentro dos límites orzamentarios.

O persoal restante deberá reunir a condición previa de funcionario de calquera das administracións públicas e poderá ser adscrito á súa oficina por libre designación ou por concurso público segundo a relación de postos de traballo.»

Cinco. O artigo 11 queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 11

O adxunto e os asesores adscritos á oficina do Valedor do Pobo cesarán automaticamente no momento da toma de posesión dun novo valedor do pobo nomeado polo Parlamento.»

Seis. O punto 2 do artigo 12 queda redactado do seguinte xeito:

«2. A autorización dos gastos e a ordenación dos pagamentos corresponderanlle ao valedor do pobo, quen poderá delegalas no adxunto, e os réximes de contabilidade, intervención, contratación e adquisición de bens e dereitos serán os que rexan no Parlamento de Galicia.»

Sete. Engádeselle un novo punto 4 ao artigo 16, co seguinte texto:

«4. O Valedor do Pobo, para acelerar as comunicacións coas persoas interesadas e as administracións, utilizará sempre que sexa posible as comunicacións por vía telemática.»

Oito. O punto 1 do artigo 18 queda redactado do seguinte xeito:

«1. Toda queixa dirixida ao Valedor do Pobo poderá ser formulada oralmente ou por escrito, onde conste a identificación e o enderezo postal ou telemático do peticionario e se relate o feito que a motiva. As queixas orais só se poderán presentar na oficina da institución e deberán ser transcritas e asinadas pola persoa interesada. As queixas, que deberán ir subscrias, tramitaranse de xeito confidencial de o interesado o solicitar.»

Nove. O artigo 19 queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 19

O Valedor do Pobo tramitará ou rexeitará as queixas recibidas. Só poderá rexeitar as queixas recibidas polos motivos establecidos nesta lei, e farao sempre mediante escrito motivado, no que se poderá informar a persoa interesada do máis oportuno en dereito á súa actuación.»

Dez. O punto primeiro do artigo 22 queda redactado do seguinte xeito:

«1. Admitida a trámite unha queixa, o Valedor do Pobo promoverá a oportuna investigación sumaria e informal. En todo caso, informará o organismo ou a dependencia administrativa do contido substancial da solicitude, reunindo cantos datos coide pertinentes, que terán que serlle remitidos no prazo de quince días, a non ser que a complexidade do asunto aconselle, ao seu criterio, prorrogar o prazo por un mes.»

Once. O artigo 23 queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 23

No exercicio das súas funcións, o valedor do pobo, o seu adxunto ou a persoa en que delegue poderán comparecer en calquera centro ou dependencia da administración pública da Comunidade Autónoma galega, dos seus entes e empresas públicas dependentes desta ou afectos a un servizo público, para a comprobación de datos, realización de entrevistas persoais, estudo de expedientes e documentos relacionados co motivo da súa actuación sen que se lle poida negar o exame da documentación interesada, excepto nos casos taxativamente establecidos pola lei.»

Doce. O artigo 27 queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 27

Se as autoridades, os funcionarios ou os axentes dificultaren ou entorpeceren a actuación do valedor do pobo, do seu adxunto ou delegados, aquel dará conta ao superior xerárquico e, se for o caso, ao Ministerio Fiscal para o exercicio das accións que poidan proceder, e recollerá tales actitudes nos seus informes ao Parlamento de Galicia.»

Trece. Engadir un novo parágrafo ao final do artigo 34, redactado do seguinte xeito:

«En todo caso, transcorridos tres meses desde a admisión a trámite dunha queixa, o Valedor do Pobo deberá informar a quen a formulase do seu estado.»

Catorce. Engadir unha disposición adicional bis, redactada do seguinte xeito:

«Disposición adicional bis

O Valedor do Pobo garantirá a posibilidade de presentar e tramitar por medios telemáticos as queixas, as solicitudes, as consultas e as comunicacións.»

Quince. Engadir unha disposición adicional ter, co seguinte contido:

«Disposición adicional ter

As referencias que se conteñen nesta lei á figura do valedor do pobo e do seu adxunto deberán entenderse referidas ao valedor ou á valedora do pobo e ao adxunto ou á adxunta.»

Artigo 2. *Modificación da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia*

A Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia, queda modificada como segue a continuación:

Modifícase a alínea b) do punto 2 do artigo 4, que queda redactada do seguinte xeito:

«b) O valedor do pobo e o seu adxunto.»

Artigo 3. *Modificación da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia*

A Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, queda modificada como segue a continuación:

Modifícase o artigo 44, que queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 44. *Defensa dos dereitos da infancia e da adolescencia*

As persoas menores de idade para a defensa dos seus dereitos poderán, persoalmente ou a través de quen as represente legalmente:

a) Dirixirse a calquera administración pública en demanda da protección que precisen e solicitar da que resulte competente os recursos sociais dispoñibles.

b) Poñer en coñecemento do Ministerio Fiscal todas aquelas situacións e actuacións que atenten contra os seus dereitos e contra a súa integridade física e moral.

c) Presentar queixas perante o Valedor do Pobo, quen, para a defensa dos dereitos referidos, poderá asignar, baixo a súa supervisión, a competencia ao seu adxunto.

As autoridades ou os responsables en materia de menores facilitaranlle ao Valedor do Pobo toda a información que lles sexa requirida.

Prestarase especial atención a:

- Defender os dereitos das e dos menores a todos os niveis.
- Velar polo respecto da lexislación vixente en materia de protección de menores.
- Propoñer, a través do Valedor do Pobo, medidas susceptibles de melloraren a protección das e dos menores ou de perfeccionaren a aplicación das xa existentes.
- Promover diante da sociedade galega a información sobre os dereitos referidos e sobre as medidas que é necesario tomar para a súa mellor atención e coidado.»

Artigo 4. *Modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia*

A Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, queda modificada como queda a continuación:

Un.– O artigo 18 queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 18. *Obxecto e natureza*

As atribucións do Valedor do Pobo en relación coa Administración sanitaria serán exercidas polo seu titular ou en caso de delegación a través do seu adxunto ou adxunta, que terá a consideración de valedor ou valedora do paciente e terá atribuída a defensa e a promoción dos dereitos e intereses dos usuarios e das usuarias do Sistema Público de Saúde de Galicia, baixo a supervisión do valedor do pobo.»

Dous. O artigo 19 queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 19. *Ámbito de actuación*

As actuacións do valedor do pobo ou do seu adxunto como valedor ou valedora do paciente terán como ámbito o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Tendo en conta o peso da emigración na nosa comunidade autónoma, o ámbito de actuación do valedor ou da valedora do paciente comprenderá tamén aqueles centros sanitarios e institucións que teñan unha relación contractual ou de convenio coa Xunta de Galicia, aínda que se atopen fóra da comunidade.»

Tres. O artigo 20 queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 20. *Actuacións*

1. No exercicio das súas atribucións, o valedor do pobo, directamente ou a través do seu adxunto, poderá iniciar e proseguir de oficio, ou por pedimento de parte, calquera in-

vestigación que conduza ao esclarecemento dos actos e das resolucións da administración relacionados cos servizos sanitarios e sociosanitarios.

2. Poderá dirixir suxestións ou reclamacións, nese aspecto, á oficina do Valedor do Pobo, directamente ou a través do seu adxunto, toda persoa natural ou xurídica que invoque un interese lexítimo en relación con situacións de lesión dos dereitos dos pacientes recoñecidos nesta lei.

3. Exclúese do disposto na alínea anterior a autoridade administrativa en asuntos da súa competencia, agás cando exerza como responsable directo dunha persoa menor de idade ou incapacitada legalmente na súa condición de usuaria.»

Catro. O artigo 21 queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 21. Facultades

O valedor ou a valedora do pobo, ben directamente ou ben a través do seu adxunto, terá acceso directo a calquera centro sanitario ou de carácter administrativo da Comunidade Autónoma e, con suxeición á normativa de protección de datos, a calquera dos seus arquivos e rexistros.»

Disposición derradeira primeira

Nun prazo de tres meses desde a entrada en vigor desta norma o Valedor do Pobo remitiralle ao Parlamento un proxecto de reforma do seu regulamento adaptado a esta reforma, para a súa tramitación de acordo co previsto nas Normas para a tramitación do Proxecto de regulamento de organización e funcionamento do Valedor do Pobo, aprobadas pola Mesa do Parlamento na súa reunión do 10 de marzo de 1993.

Disposición derradeira segunda

Esta lei entrará en vigor ao día seguinte da toma de posesión do seu cargo dun valedor do pobo titular.

Santiago de Compostela, tres de agosto de dous mil doce

Alberto Núñez Feijóo
Presidente

I. DISPOSICIÓN XERAIS

PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA

LEI 9/2015, do 7 de agosto, de financiamento das formacións políticas e das fundacións e entidades vinculadas ou dependentes delas.

Exposición de motivos

1

Os partidos políticos configúranse como asociacións privadas de carácter voluntario pero, ao mesmo tempo, forman parte esencial da arquitectura constitucional ao desenvolver funcións indispensables para un bo funcionamento do sistema democrático. Así o recoñece a propia Constitución española ao sinalar, no seu artigo 6, que os partidos políticos expresan o pluralismo político, concorren á formación e á manifestación da vontade popular e son instrumento fundamental para a participación política.

Atendendo, pois, o seu carácter de institucións básicas sobre as que se sustenta o noso sistema democrático, a regulación do financiamento dos partidos políticos foi obxecto de atención tanto polo lexislador estatal como autonómico. Así, no ámbito estatal, a vixente Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos, supuxo un avance respecto da anterior Lei orgánica 3/1987, do 2 de xullo, ao introducir unha regulación tendente a garantir a suficiencia, a regularidade, a transparencia e un maior control da actividade económico-financeira dos partidos políticos. As leis orgánicas 5/2012, do 22 de outubro, e 3/2015, do 30 de marzo, de reforma daquela, afondaron na consecución destes obxectivos.

No ámbito autonómico e ata este momento, a materia fora obxecto dunha regulación meramente parcial no título VI da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia.

Os textos legais citados manexan un concepto amplo de partido político, e inclúen nel, xunto cos partidos políticos en sentido estrito, as federacións, coalicións e agrupacións de persoas electoras. Todas estas entidades poden, así mesmo, englobarse na expresión de formación política.

Os acontecementos producidos nos últimos tempos puxeron de manifesto a necesidade de acometer, no ámbito autonómico, unha regulación da materia relativa ao financiamen-



to das formacións políticas que, ao tempo que supoña unha reforma e actualización da contida na Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia, abrangan ámbitos non normativizados con anterioridade.

2

Tendo en conta a distribución constitucional de competencias, o ámbito de aplicación desta lei límitase ás formacións políticas que participen en procesos electorais cuxo ámbito se circunscriba ao territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, con exclusión, polo tanto, dos procesos electorais de ámbito estatal, europeo e local, ao se trataren estes de materia de competencia estatal.

Por outra banda, no ámbito das formacións políticas foron constituíndose fundacións e outras entidades cuxa actividade presenta unha vinculación coa das formacións políticas, que xeralmente se traduce en fluxos financeiros e relacións económicas entre estas e aquelas. De aí que, xunto coas formacións políticas citadas, a lei inclúa no seu ámbito de aplicación as fundacións e entidades vinculadas a elas, fundacións e entidades definidas na disposición adicional sétima da Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos, á que esta lei se remite.

Definido así o ámbito de aplicación da lei, son catro os principais aspectos obxecto de regulación.

En primeiro lugar, abórdase a regulación do financiamento público das formacións políticas con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, incluíndo as subvencións para gastos electorais e para gastos de funcionamento. Ambos os tipos de subvencións se recollen expresamente no artigo 2 da Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, dentro da relación de recursos económicos das formacións políticas, e están expresamente excluídos da normativa xeral en materia de subvencións, conforme o previsto no artigo 4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En canto ás subvencións para gastos electorais, tal e como se sinalou con anterioridade, trátase dunha materia que ata agora estaba regulada na Lei 8/1985, do 13 de agosto. A dita lei deu cumprimento á previsión contida no artigo 11 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado mediante a Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril. Este precepto debuxa as liñas fundamentais da constitución e composición do Parlamento de Galicia e establece que nunha lei se determinarán os aspectos que deben constituír as normas electorais polas



que deben rexerse as eleccións ao Parlamento de Galicia. Transcorridos case trinta anos desde a entrada en vigor da dita lei, as exixencias actuais da sociedade galega impoñen a necesidade de efectuar unha reforma e unha actualización das previsións contidas nela, na concreta cuestión do financiamento electoral. Para conseguir este obxectivo, no canto de realizar unha modificación do título VI da Lei 8/1985, do 13 de agosto, optouse pola derogación do dito título e pola inclusión, nun texto único, da nova regulación do financiamento electoral xunto coa relativa a outras fontes de financiamento das formacións políticas e ao réxime de control e fiscalización, evitando así unha dispersión normativa en materia de financiamento das formacións políticas, ao ser precisamente un dos obxectivos de produción normativa recollidos na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o consistente no mantemento dun marco normativo estable e o máis simplificado posible que posibilite o coñecemento rápido e comprensible da normativa vixente que resulte aplicable. Ao mesmo tempo, modifícase o artigo 1 da Lei 8/1985, do 13 de agosto, co fin de recoller unha remisión expresa, en materia de financiamento electoral, á nova lei.

Partindo da anterior premisa, abórdase nesta lei a regulación do financiamento electoral, con especial atención ás subvencións para gastos electorais. Polo que respecta á competencia autonómica nesta materia, xunto co artigo 11 do Estatuto de autonomía de Galicia, debe partirse das previsións contidas na Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral. Esta lei, xa no seu preámbulo, sinala que parte do máis escrupuloso respecto ás competencias autonómicas, deseñando un sistema que permita non só o seu desenvolvemento, senón mesmo a súa modificación ou substitución en moitos dos seus aspectos pola actividade legislativa das comunidades autónomas. En concreto, tal e como dispón o seu artigo 1.2, cómpre aterse ao previsto na disposición adicional primeira, na que se deslindan os preceptos da lei orgánica de aplicación obrigada nas eleccións ás asembleas legislativas das comunidades autónomas e os de aplicación só supletoria, na falta de regulación autonómica propia. De acordo con iso, e para unha mellor intelixibilidade da norma, nesta lei lévase a cabo unha integración das normas autonómicas propias con aquelas previsións da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, que son de aplicación directa, de modo que poida terse unha visión de conxunto da regulación aplicable.

Entre as principais innovacións introducidas no ámbito do financiamento electoral, cómpre destacar a relativa aos requisitos que deben reunir as formacións políticas para seren beneficiarias das subvencións para gastos electorais. Os recursos públicos destinados a estas subvencións son necesariamente limitados, o que obrigou tradicionalmente a restringir o ámbito de posibles formacións beneficiarias atendendo o criterio de contar cun nivel mínimo de apoio electoral, que se concreta na obtención de representación no Parlamento



autonómico, o que, ademais, impide unha fragmentación excesiva e pouco práctica das candidaturas, evitando o efecto perverso de incitar os círculos políticos a presentaren múltiples candidaturas co único fin de percibir maiores ingresos. Coa nova regulación séguese a mesma liña pero engadindo novos requisitos. Trátase de fomentar que as formacións políticas se nutran en exclusiva de financiamento público e daquelas fontes de financiamento privado que non desvirtúan o papel que están chamadas a cumprir, na liña marcada pola reforma operada na Lei orgánica 3/2015, do 30 de marzo, de control da actividade económico-financiera dos partidos políticos, pola que se introducen numerosas novidades de calado no réxime de financiamento dos partidos políticos. En definitiva, coa introdución desta nova regulación dáse un paso máis na idea, asentada nos países europeos e, en xeral, no resto do mundo, conforme a cal o financiamento público e a normativa vinculada a el deben servir de instrumento para loitar contra a corrupción, realzar o papel importante que desempeñan as formacións políticas e poñer límite á excesiva dependencia de doadores privados.

Outras novidades que cómpre destacar en materia de financiamento electoral, e que responden á mesma idea de velar pola regularidade do financiamento das formacións políticas e de loitar contra a corrupción, son as relativas á ampliación das prohibicións para ser designado administrador ou administradora electoral, a previsión de que as achegas de fondos ás formacións políticas para sufragar os gastos electorais deben ser aboadas directamente polas persoas achegadoras nas contas abertas para tal fin e a inclusión dunha mención expresa ás funcións de control que debe desenvolver a Xunta Electoral de Galicia na liña do sinalado pola Xunta Electoral Central en varios dos seus informes.

Polo que respecta ás subvencións para gastos de funcionamento, a Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, prevé expresamente no seu artigo 3. Tres que as comunidades autónomas poderán outorgar aos partidos políticos con representación nas súas respectivas asembleas legislativas subvencións anuais non condicionadas, con cargo aos orzamentos autonómicos correspondentes, para atender os seus gastos de funcionamento, as cales se distribuirán en función do número de escaños e de votos, en proporción e de acordo cos criterios que estableza a correspondente normativa autonómica. En aplicación destas previsións, recóllese na presente lei unha regulación ao respecto caracterizada polas seguintes notas. A distribución farase na seguinte porcentaxe: o 40 % da subvención repartirase en proporción ao número de escaños e o 60 % restante distribuirase en proporción aos votos obtidos por cada unha das formacións políticas nas eleccións autonómicas. A regulación destas subvencións está inspirada nos mesmos criterios establecidos anteriormente en relación coas subvencións para gastos electorais. Así, só poderán ser beneficiarias delas as formacións políticas que obtivesen representación parlamentaria nas últimas eleccións ao



Parlamento de Galicia, que non recibisen doazóns de bens inmobles cos límites e requisitos establecidos nesta lei e que non recibisen doazóns de persoas físicas que desempeñen cargos en empresas que teñan contratos co sector público autonómico nin participacións directas ou indirectas que superen o 10 % en empresas con concertos ou contratos co sector público autonómico, e que teñan cumpridas as demais obrigas que derivan da lexislación xeral sobre financiamento dos partidos políticos. Ademais, e tendo en conta que, como sinalou a Sentenza do Tribunal Supremo do 20 de xullo de 1989, a verdadeira filosofía das subvencións que nos ocupan é a de manter ou coaduxar ao mantemento dunha estrutura cuxo funcionamento sexa efectivo, incorpórase a exigencia de acreditación por parte das formacións políticas da adquisición polas persoas electas da condición plena de deputado ou deputada e do exercicio efectivo do cargo para o que foron elixidas, así como de presentar unha memoria detallada e documentada dos gastos de funcionamento no ámbito autonómico nos que as ditas formacións políticas incorresen e aos que aplicasen as subvencións. Con iso, e de acordo coa doutrina do Tribunal Constitucional en relación coas subvencións non condicionadas, introdúcense as exigencias mínimas indispensables para asegurar o destino da subvención á finalidade prevista nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, garantindo o cumprimento do principio de legalidade orzamentaria.

En segundo lugar, a regulación do financiamento público esténdese tamén ás fundacións e entidades vinculadas ou dependentes das formacións políticas mediante o establecemento de especialidades que serán aplicables ás subvencións outorgadas ás ditas entidades. Neste caso, e tendo en conta que tales fundacións e entidades, malia a súa vinculación coas formacións políticas, non desenvolven as funcións de transcendencia pública e democrática que teñen asignadas estas, a regulación das subvencións que poidan outorgarse ás devanditas entidades vai dirixida non a unha prohibición total de percepción de doazóns de persoas xurídicas, senón a garantir a regularidade das doazóns deste tipo que poidan percibir, todo iso no marco do necesario respecto á normativa básica en materia de subvencións e de financiamento dos partidos políticos.

En terceiro lugar, é obxecto de especial atención na lei o aspecto relativo ao control e á fiscalización da actividade económico-financeira das formacións políticas e das fundacións e entidades vinculadas a elas. Son varias as razóns que xustifican o establecemento de mecanismos e sistemas adecuados de control e fiscalización, entre as que cabe destacar a obtención de financiamento público por parte das ditas entidades e, en consecuencia, a necesidade dunha correcta e adecuada xestión da súa actividade económico-financeira, a evitación de posibles desviacións na consecución das funcións que teñen encomendadas e a corrección das potenciais irregularidades que poidan manifestarse. Neste ámbito, destaca en especial o papel que se lle atribúe ao Consello de Contas, como órgano de control



da contabilidade electoral das formacións políticas, así como, en xeral, como órgano fiscalizador das subvencións outorgadas con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, tal e como prevé o artigo 4.b) da Lei 6/1985, do 24 de xuño. En todo caso, a actividade de fiscalización e control que se atribúe ao Consello de Contas, como non pode ser doutra forma, non exclúe nin é incompatible coa que corresponde ao Tribunal de Contas. Neste sentido, a propia lei, no seu artigo 37, remite para a fiscalización das subvencións para gastos de funcionamento ao disposto na Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo. Ademais, seguindo a doutrina constitucional contida nas sentenzas do Tribunal Constitucional 18/1991 e 187/1988, recóllense na lei previsións destinadas a evitar duplicidades e disfuncionalidades innecesarias, como a previsión consistente en que o Consello de Contas teña en conta na súa función fiscalizadora os informes emitidos polo Tribunal de Contas ao abeiro do previsto na Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo.

Coa regulación do outorgamento e da fiscalización das subvencións contida nesta lei preténdese, ademais, que a actuación da Administración sexa en todo caso regrada, incluíndo para tal fin as normas procedementais necesarias no exercicio da competencia prevista nos artigos 27.5 e 28.1 do Estatuto de autonomía de Galicia, postos en relación, no aspecto relativo á fiscalización, co artigo 53.2.

Por último, recóllense na lei obrigas de transparencia específicas en relación coas subvencións outorgadas a formacións políticas e, por extensión, a fundacións e entidades vinculadas ou dependentes delas. Trátase fundamentalmente de obrigas de publicidade activa, algunhas das cales seguen a liña das contidas na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, mentres que outras constitúen regras adicionais ás recollidas na dita lei. O fundamento de tales obrigas estriba, ademais de na procedencia pública dos fondos, na importancia de que as formacións políticas acaden uns niveis de transparencia que afiancen a credibilidade e a confianza no importante papel que desenvolven na orde democrática, facendo posible o acceso da cidadanía á información relativa ao financiamento destas, en consonancia co carácter público das súas funcións e coa importancia cualitativa e cuantitativa dos recursos públicos destinados ao seu financiamento.

3

En canto á estrutura da lei, esta divídese en tres títulos, dúas disposicións adicionais, unha disposición transitoria, unha disposición derogatoria e tres disposicións derradeiras.

O título preliminar regula o obxecto e o ámbito de aplicación da lei e recolle, ademais, un cadro de definicións de varios conceptos que se empregan ao longo do texto.



O título I está dedicado ao financiamento das formacións políticas e está dividido en catro capítulos, relativos, respectivamente, ás fontes de financiamento das ditas formacións, ao financiamento electoral, ás subvencións para gastos de funcionamento e ás disposicións comúns ás subvencións para gastos electorais e para gastos de funcionamento.

O título II contén previsións en relación coas fundacións e entidades vinculadas ás formacións políticas. Así, tras un capítulo inicial relativo ás fontes de financiamento destas entidades, regúlanse noutro capítulo as especialidades aplicables ás subvencións das que sexan beneficiarias.

Finalmente, no título III incorpóranse regras en materia de transparencia.

Na parte final recóllense previsións sobre o necesario respecto á normativa en materia de protección de datos de carácter persoal, sobre a actualización de determinadas cantidades e sobre a aplicación temporal dos novos requisitos para que as entidades ás que se refire a lei poidan ser beneficiarias das subvencións, así como a derogación expresa do título VI da Lei 8/1985, do 13 de agosto, e, en xeral, das disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao previsto na lei. Por último, recóllese a modificación do artigo 1 da Lei 8/1985, do 13 de agosto. O texto péchase coa habilitación para ditar as disposicións de desenvolvemento desta lei e coa regra relativa á súa entrada en vigor.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de autonomía de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, promulgo en nome de El-Rei a Lei de financiamento das formacións políticas e das fundacións e entidades vinculadas ou dependentes delas.

TÍTULO PRELIMINAR

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto*

1. Esta lei ten por obxecto a regulación do financiamento das formacións políticas e das fundacións e entidades vinculadas ou dependentes delas.

2. Constitúe, así mesmo, o obxecto desta lei o establecemento de mecanismos de control e fiscalización en relación coas formacións políticas e as fundacións e entidades vinculadas ou dependentes delas e a imposición de especiais obrigas de transparencia.



Artigo 2. *Ámbito de aplicación*

Esta lei é aplicable ás formacións políticas que obteñan representación no Parlamento de Galicia, así como ás fundacións e entidades vinculadas ou dependentes delas.

Artigo 3. *Definicións*

Para os efectos desta lei, enténdese por:

a) Formacións políticas: os partidos políticos, as federacións, as coalicións e as agrupacións de persoas electoras.

b) Partidos políticos: asociacións privadas de carácter voluntario constituídas conforme o previsto na Lei orgánica 6/2002, do 27 de xuño, de partidos políticos.

c) Federacións: entidades constituídas de acordo co disposto na Lei orgánica 6/2002, do 27 de xuño, de partidos políticos.

d) Coalicións: formacións políticas constituídas por partidos e/ou federacións conforme o previsto no artigo 44.2 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral.

e) Agrupacións de persoas electoras: formacións políticas que reúnan os requisitos previstos no artigo 21.3 da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia.

f) Fundacións e entidades vinculadas ás formacións políticas ou dependentes delas: as definidas como tales na disposición adicional sétima da Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos.

g) Procesos electorais cuxo ámbito se circunscribe ao territorio da Comunidade Autónoma de Galicia: eleccións ao Parlamento de Galicia.

TÍTULO I

Do financiamento das formacións políticas

CAPÍTULO I

Fontes de financiamento

Artigo 4. *Recursos económicos das formacións políticas*

Os recursos económicos das formacións políticas están constituídos polos recursos procedentes do financiamento público e do financiamento privado que se enumeran no artigo 2 da Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos.



CAPÍTULO II
Do financiamento electoral

Sección 1ª. Dos administradores ou administradoras electorais

Artigo 5. Administradores ou administradoras das candidaturas

1. Toda candidatura debe ter un administrador ou unha administradora electoral responsable dos seus ingresos e gastos e da súa contabilidade.

2. A contabilidade axustarase ao disposto na materia pola Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos, así como polo plan de contabilidade adaptado ás formacións políticas que elabore o Tribunal de Contas ao abeiro do disposto na devandita lei orgánica, e deberá recoller necesariamente a orixe dos fondos e a súa aplicación.

Artigo 6. Administradores ou administradoras xerais

1. Os partidos políticos, as federacións e as coalicións que presenten candidaturas en máis dunha circunscrición deben ter, ademais, un administrador ou unha administradora xeral, que será responsable de todos os ingresos e gastos electorais realizados polo partido, a federación ou a coalición e polas súas candidaturas, así como da correspondente contabilidade, a cal deberá axustarse ao previsto no número 2 do artigo anterior.

2. Os administradores ou as administradoras das candidaturas actúan baixo a responsabilidade do administrador ou administradora xeral.

Artigo 7. Requisitos para ser designado administrador ou administradora electoral

1. Poderá ser designado administrador ou administradora electoral calquera persoa maior de idade e en pleno uso dos seus dereitos civís e políticos.

2. Non poderán ser designadas administradores ou administradoras electorais as persoas candidatas, as incursas en causa de incompatibilidade legal para o exercicio do dereito de sufraxio pasivo, as inhabilitadas conforme a Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, mentres non conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, e as persoas funcionarias en servizo activo ao servizo de calquera administración pública.

3. Ademais, non poderán contar con antecedentes por delitos contra a liberdade contra o patrimonio e a orde socioeconómica, contra a Facenda pública e a Seguridade Social,



contra os dereitos das traballadoras e traballadores, contra a Administración pública, a Constitución, a Administración de xustiza e a comunidade internacional, por traizón e contra a paz e a independencia do Estado e contra a orde pública, en especial o terrorismo.

4. A aparición sobrevida de causa impeditiva para ser designado administrador ou administradora electoral comportará a inhabilidade para o seu exercicio, e deberá ser comunicada de maneira inmediata á Xunta ante a que se procedese á súa designación. Se a causa sobrevén a partir do centésimo día posterior ao da celebración das eleccións, a comunicación deberá efectuarse ao Consello de Contas e á Administración xeral da Comunidade Autónoma.

Artigo 8. *Designación dos administradores ou administradoras das candidaturas*

1. A designación dos administradores ou administradoras das candidaturas será efectuada por escrito ante a xunta electoral provincial correspondente polos seus respectivos ou respectivas representantes no acto de presentación das candidaturas. Ao escrito deberá xuntarse a declaración de aceptación da persoa designada.

2. As xuntas electorais provinciais comunicarán á Xunta Electoral de Galicia os administradores ou administradoras das candidaturas que fosen designados na súa circunscrición.

Artigo 9. *Designación dos administradores ou administradoras xerais*

